

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVISTE MÁIS DUN MILLÓN E MEDIO DE EUROS NA MODERNIZACIÓN DO QUIRÓFANO DE NEUROCIRURXÍA DO CLÍNICO QUE SE ACABA DE ESTREAR

- O novo equipamento convirte ao centro compostelá nun dos poucos do estado en contar con esta alta tecnoloxía de última xeración
- Maior precisión e seguridade para o paciente e para os profesionais é o que ofrecen estas dotacións postas en marcha recentemente
- Acaba de adjudicarse o novo microscopio cirúrxico por 423.500 euros

**Santiago, 3 de abril do 2023.-** A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza conta dende a semana pasada cun novo equipamento no quirófano de neurocirurxía, convertendo ao Hospital Clínico Universitario compostelá nun dos poucos do estado en posuír esta alta tecnoloxía de última xeración.

Para a modernización dos equipos a Xunta contou cun orzamento de máis dun millón e medio de euros, investimento que inclúe un sistema **escáner** e un **ecógrafo intraoperatorio** - que aportan seguridade e control en tempo real do campo de visión do cirurxián-, amais unha **padiola de altas prestacións** e un **novo sistema para biopsiar**, entre outros. Tamén inclúe un **sistema de neuronavegación** que permite a xestión dixital de toda a imaxe de quirófano e mellora a realización dos procedementos de neurocirurxía, que precisan manipular estruturas e tecidos singulares, como o sistema nervioso e as súas cubertas.

Os sistemas de neuronavegación constitúen unha ferramenta fundamental nos hospitais con neurocirurxía. Proporcionan software e hardware para facilitar a identificación e correlación de pacientes e estruturas de imaxe, para marcar vías ou enfoques ou para identificar límites de lesións. Estes sistemas teñen varias vantaxes: son máis cómodos para o paciente, serven para localizar unha lesión puntual e os límites dunha lesión estensa, identifican os corredores anatómicos e ubican en todo momento o lugar onde se atopa o cirurxián.

A semana pasada estreouse esta nova aparataxe en diferentes intervencións tales como extracción tumoral e artrodesis (estrutura de reforzo nas vértebras lumbares).

Tamén está previsto que proximamente entre en funcionamento o novo microscopio cirúrxico, adjudicado xa por un importe de 423.500 euros no marco do eixo REACT-UE do programa operativo FEDER-Galicia2014-2020. Esta incorporación posúe diferentes modalidades de luz o que vai permitir empregar a técnica de fluorescencia e delimitar con maior precisión os tumores con vista ás reseccións.

As novas incorporacións suponen maior precisión e seguridade para o paciente e para os profesionais. **Saúdos,**